

*"Para que unha colectividade humana teña categoría de pobo, para que teña unha unidade íntima e transcendente, ba de ter unha alma de seu.*

*E un pobo ten alma de seu cando posúe idioma,  
cando fala nunha lingua propia,  
que tal é o que significa a palabra idioma..."*

Ramón Piñeiro  
*Olladas no futuro* (1974)



# 2009 MAIO DAS LETRAS

ORGANIZA:



activa o galego



## Ramón Piñeiro (Láncara, 1915 – Santiago de Compostela, 1990)

1932: participa na creación da Mocidades do Partido Galeguista (PG) de Lugo como secretario de cultura (máis tarde desempeñaría o cargo de presidente). Un ano despois coñecería outros membros destacados do galeguismo como Castelao, Bóveda e outros.

1934: participa no mitin das Arengas celebrado na praza da Quintana o 25 de xullo.


1936: elixido secretario do comité provincial para o plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia. Durante a Guerra Civil loita no bando nacional.

1939: comeza os estudos de Filosofía e Letras en Santiago de Compostela para seguir coa especialidade de Filosofía en Madrid (ainda que acabaría abandonando os seus estudos).

1943: participa na reconstrucción clandestina do PG formando parte do comité de dirección. Ponse en contacto co resto da oposición antifranquista e cos nacionalistas vascos e cataláns.

1945: viaxa a París para negociar co presidente republicano no exilio, José Giral, a inclusión dun representante galego (Castelao) no Goberno.

Foi escritor, filósofo, ensaísta e político galego.



1946: é detido e, dos seis anos da súa condena, pasa no cárcere tres.

1949: é posto en libertade e decide deixar a loita política e pasar á loita cultural. Casa con Isabel López García e instálanse na capital galega, onde recibe pola súa famosa "mesa camilla" os estudantes que chegaban á cidade con inquietudes políticas e culturais.

1950: forma parte do grupo fundador da editorial Galaxia e será o seu director así como codirector da revista Grial. Nesta editorial traballará ata 1966.

1951: publica o seu primeiro ensaio filosófico Significado metafísico da saudade. O primeiro dunha serie de artigos (A filosofía e o home, Para unha filosofía da saudade, Saudade e sociedade, dimensións do home e A saudade en Rosalía) que conformarán o volume Filosofía da saudade (1984).

1966: imparte cursos de verán no Middlebury College de Vermont, nos EUA.

1967: ingresa na Real Academia Galega co discurso A lingua e as linguas.

1974: publica Olladas no futuro, unha escolma de artigos que publicaba desde o ano 49. Ademais de ensaísta destaca o seu labor de tradutor.

1977: fundación do Instituto Galego de Información, xunto a Lorenzo Varela, Díaz Pardo, Luís Seoane e Fernández de la Vega entre outros.

1981: tras apoiar varios manifestos, preséntase como independente nas listas do PSDG-PSOE nas primeiras eleccións autonómicas.

1983: primeiro presidente do Consello da Cultura Galega.

**Obra**  
A obra escrita por Ramón Piñeiro non é abundante, centrándose case na súa totalidade no ensaio, na filosofía da "saudade". Significado metafísico da saudade, notas pra unha filosofía galaico-portuguesa (Galaxia, Vigo s.a., 23 páxs.); e Filosofía da saudade (Galaxia, Vigo 1984, 121 páxs.). A súa correspondencia publicouse en Cartas para os amigos (1992) e Un epistolario de Ramón Piñeiro (2000). Hai que destacar dúas traducións realizadas en colaboración con Celestino Fernández de la Vega: o Cancioneiro da poesía céltica, de Julius Pokorny, tradución que foi premiada pola editorial Bibliófilos Gallegos, e a conferencia de Martin Heidegger Da esencia da verdade. A significación que tiña a publicación en galego dun dos filósofos más relevantes do momento, ainda non traducido ao castelán.

Tamén se ocupou da revisión e publicación do Diccionario gallego-castellano de Eladio Rodríguez González, que finara en 1949 sen sacar á luz o seu traballo lexicográfico.

Escribiu tamén as súas memorias Da miña acordanza (2002), coa colaboración de Carlos Casares, que completou as páxinas iniciais escritas polo propio Ramón Piñeiro coas transcripcións das conversas que mantiveron.

## Mércores 6

Ramón Piñeiro na voz da xente

Xincana literaria e espectáculo contacontos para alumnado de 5º e 6º de primaria e 1º e 2º de secundaria. Ás 11.00 e ás 12 h. na Fundación Granell.

## A represión lingüística en Galicia.

- Reparto dun documental sobre o homenaxeado no Día das Letras polas bibliotecas dos centros de ensino.

- Reparto de libros do homenaxeado no Día das Letras polas bibliotecas dos centros de ensino.

- Charlas didácticas sobre Ramón Piñeiro nos centros de ensino.

## Martes 5

Ramón Piñeiro na voz

da xente

Carreira escolar pola lingua. Saída ás 11.30 h da Alameda

## Martes 12

Os Barballoca

van de camiño. Monicreques salvadores da lingua galega para alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria. Ás 11.00 e ás 12 h. na Fundación Granell.

## Xoves 14

Ramón Piñeiro na voz da xente

Xincana literaria e espectáculo contacontos para alumnado de 5º e 6º de primaria e 1º e 2º de secundaria. Ás 11.00 e ás 12 h. na Fundación Granell.

## A lingua e as linguas.

Charla- obradoiro do debuxante Fran Bueno. Para alumnado de secundaria nos centros de ensino

## Martes 19

- Reparto dun documental sobre o homenaxeado no Día das Letras polas bibliotecas dos centros de ensino.

- Reparto de libros do homenaxeado no Día das Letras polas bibliotecas dos centros de ensino.

- Charlas didácticas sobre Ramón Piñeiro nos centros de ensino.

## Xoves 7

Correlingua 2009.

Carreira escolar pola lingua. Saída ás 11.30 h da Alameda

## Mércores 13

Os Barballoca

van de camiño. Monicreques salvadores da lingua galega para alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria. Ás 12.00 h. no parque de Bonaval. Colaboran: os colexios La Salle e Apóstolo Santiago

## Domingo 17

Festa das Letras. Actuacións musicais abertas, reparto de libros, lectura de textos.

Ás 12.00 h. no parque de Bonaval. Colaboran: os colexios La Salle e Apóstolo Santiago

## FICHA DE INSCRICIÓN NAS ACTIVIDADES DE MAIO DAS LETRAS

ACTIVIDADE SOLICITADA:

Os Barballoca

Ramón Piñeiro

Exposición

Cómic

NOME DO CENTRO:

GRUPO:

Nº DE ALUMNOS/AS:

PROFESOR/A RESPONSÁBEL:

ENDEREZO DE CONTACTO:

ENDEREZO ELECTRÓNICO:

TELÉFONO 1:

TELÉFONO 2:

Más información:

Departamento de Lingua Galega (DLG)

Casa do Concello. Avda. de Raxoi – 1º andar.

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 54 24 09 Fax: 981 54 24 10

Correo-e: [dlg@santiagodecompostela.org](mailto:dlg@santiagodecompostela.org)